100 ALOXAMENTOS TURÍSTICOS ACCESIBLES PARA TODOS

predif
plataforma representativa estatal
de discapacitados físicos

GUÍA DE TURISMO

100 ALOXAMENTOS TURÍSTICOS ACCESIBLES PARA TODOS

©PREDIF
Avda. Doctor García Tapia 129, local 5
28030 Madrid
Tfno.: 91 371 52 94
Fax: 91 301 61 20
www.predif.org

Dirección e coordinación do proxecto
José Antonio Martín Rodríguez

Equipo de traballo
Alicia Anta Martín
Noelia Cuenca Galán
Edurne Francisco Contreras
Iván López Guerrero
Elena Ortega Alonso
José Ignacio Ortiz Bustos
Pilar Soret Lafraya
Rosa Mª Vicente Carrión

Deseño e maquetación
Fernando de Santiago Espinosa

Depósito legal: M-32866-2007

Printed in Spain/Impreso en España

Queda prohibida, salvo excepción prevista na lei, calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación de esta obra sen contar coa autorización dos titulares da propiedade intelectual. A infracción dos dereitos mencionados pode ser constitutiva de delito contra a propiedade intelectual (artigo 270 e seguintes do Código Penal).

PRESENTACIÓN

Gustaríanos non ter que facer esta guía que vostede ten nas súas porque o que queremos as persoas con discapacidade ao programar as nosas vacacións é poder empregar calquera das guías turísticas existentes, atopar nelas a información sobre o grao de accesibilidade dos establecementos, poder fiarnos dos símbolos que, en teoría, indican que poden ser empregados por todos os turistas, á marxe de que teñan algunha discapacidade. En definitiva, gustaríanos que a normalización das nosas vidas se reflectira, tamén, no turismo e no ocio.

Pero actualmente, a realidade dista moito deste obxectivo. Os turistas con discapacidade non so contamos con menos establecementos turísticos nos que poder aloxarnos con totais garantías de accesibilidade, senón que carecemos de unha información fidedigna sobre eles. Por iso a enorme importancia que para todos nós ten o contar con unha guía de estas características, unha guía con información detallada sobre o nivel de accesibilidade de ***100 Aloxamentos Turísticos Accesibles para Todos*** en toda España.

Se ben **PREDIF** é unha confederación que agrupa a persoas con grande discapacidade física, na guía recollemos información sobre accesibilidade para persoas con discapacidade física, visual e auditiva: quixemos que houbera aloxamentos turísticos en cidades, en zonas de praia, rurais, de montaña; aloxamentos de diferente tipoloxía e de distinta categoría. En definitiva, un abano de oferta tan amplo como son os gustos dos turistas.

Esta Guía, que nace ambiciosa é o resultado dun enorme traballo, que non sería posible sen o apoio recibido pola Fundación Once e a Fundación Vodafone. Dende aquí o noso agradecemento por apostar, unha vez máis, por unha acción que implica a mellora da calidade de vida de todas as persoas con discapacidade e por confiar no traballo de **PREDIF.**

Grazas tamén aos responsables de todos os establecementos que accederon de bo grao a ser visitados polos nosos técnicos; todos eles manifestaron, ademais, interese en atender as suxestións de mellora dos elementos de accesibilidade cando fora o caso.

Esperamos que os turistas empreguen a nosa guía e nos fagan chegar as súas suxestións, a súa información, coa que ir mellorándoa, esperamos igualmente que serva para que numerosos empresarios nos chamen para contarnos tamén que o seu establecemento é accesible. E, mentres chegue o momento en que a nosa tarefa xa non sexa necesaria, en **PREDIF** esperamos seguir sendo útiles ás persoas con discapacidade que queren desfrutar do turismo e do ocio.

MIGUEL ÁNGEL GARCÍA OCA
Presidente de PREDIF

TURISMO PARA TODOS: UN BEN A FOMENTAR

As persoas con discapacidade teñen, como cidadáns, os mesmos dereitos, as mesmas expectativas e aspiracións que os demais e, lonxe de retraerse ante a posibilidade de facer turismo, queren ser clientes que poidan desfrutar da oferta turística con normalidade, sen ter que seleccionar o seu destino e aloxamento turístico entre unha oferta moi escasa, en canto a calidade e cantidade, ou pagar un maior prezo por limitacións das infraestruturas motivadas por falta de accesibilidade.

Cando falamos de **Accesibilidade** en relación ás persoas con discapacidade facémolo como unha necesidade, pero sementando que significa tamén unha vantaxe para un amplo colectivo de persoas que, sen discapacidade algunha, teñen necesidades específicas. Por iso, deseñar dende a perspectiva de que as instalacións poidan ser empregadas por TODOS, resulta unha mellora notable para a oferta do sector e un beneficio evidente para todos os usuarios. A Accesibilidade Universal aporta un valor engadido para a cidadanía en xeral polo que o **eseño para Todos** é un factor de calidade na oferta. E en relación coa **calidade,** a Accesibilidade non está en absoluto enfrontada co gusto pola estética, xa que o obxectivo do Deseños para Todos é precisamente que resulte funcional e atractivo para TODOS os usuarios.

Esta publicación, ***100 Aloxamentos Turísticos Accesibles para Todos,*** constitúe un exemplo de que os aloxamentos turísticos accesible permiten o desfrute de todos os cidadáns, independentemente das súas circunstancias ou limitacións persoais. Ofrecen avances que axudan a que toda a cidadanía viva dunha forma máis cómoda. Por suposto todo pode ser mellorable e cada un dos aloxamentos que aquí se reflicten o son, xa que os ámbitos nos que habería que aplicar a **accesibilidade universal** nun aloxamento turístico non son moi amplos, abarcan todas as circunstancias, dende que entras pola porta de un aloxamento, pasando polos seus servizos de restaurante, bar, hasta os cuartos, ascensores, instalacións, piscina atención do plantel do establecemento aos clientes con discapacidade, etc. Incluso hai que ir máis aló, xa que debemos entender que a accesibilidade

debe empezar dende o momento en que a persoa con discapacidade quere organizar unha viaxe. Así deben ser accesibles as axencias de viaxes, as páxinas WEB e toda a información sobre destinos e itinerarios. En suma, deben ser accesibles todos aqueles elementos implicados no desfrute do turismo como actividade de ocio, á que todas as persoas deben poder acceder en igualdade de condicións independentemente dos seus condicionantes.

Dende a **Fundación ONCE** impulsamos esta labor tan necesaria para moitas persoas e boa para todas. As condicións de accesibilidade dos bens e servizos melloran a calidade de vida da cidadanía en xeral pois as persoas maiores, embarazadas, portadores de carriños de bebé e aqueles que por causa de algún accidente puntual empreguen bastóns ou cadeiras de roda, ven como vantaxe a inexistencia de chanzos, as axeitadas condicións de luminosidade, contraste e sinalización, etc.

É importante coñecer que o **Turismo para Todos** supón unha boa inversión, que o mercado ten un grande potencial, que supón un beneficio para toda a poboación e é un acto de evolución das nosas sociedades e que a súa aplicación non é complicada.

En resumo, poderíamos afirmar que os clientes con discapacidade teñen necesidades específicas pero expectativas convencionais, e supoñen un potencial de mercado prometedor que debe ser aproveitado polo sector. En Europa residen cincuenta millóns de persoas con discapacidade, case catro millóns en España, aos que hai que sumar as súas familias e acompañantes. Así poderemos falar claramente da **vantaxe competitiva** de aqueles empresarios que afrontan a oferta dende o **Deseño para Todos,** porque eles encontrarán un amplo mercado inexplorado para moitos.

ALBERTO DURÁN LÓPEZ
Vicepresidente 1º Executivo da Fundación ONCE

VIAXAR SER BARREIRAS, UN RETO PARA TODOS

Dende o primeiro momento do seu nacemento, a intención da **Fundación Vodafone** era achegarse aos grupos vulnerables, salvar barreiras e facer uso das novas tecnoloxías das comunicacións móbiles para cumprir o seu principal obxectivo.

Era evidente que este fin debería ir orientado tanto á inclusión no mundo profesional como no persoal, posto que a sociedade abarca de igual xeito un e outro terreo sendo ambos moi importantes para a total integración dos que teñen algún tipo de discapacidade.

Así, a nosa colaboración con **PREDIF,** moi frutífera dende hai anos, engloba diferentes ámbitos que vimos apoiando, debido ao bo facer desta organización e ás súas importantes aportacións e iniciativas para estes grupos vulnerables.

Nesta ocasión, a realización e edición dunha guía que recolle ***100 Aloxamentos Turísticos Accesibles para Todos,*** resulta unha acertada idea, que ven a poñer de manifesto a necesidade de cubrir, dentro do terreo do ocio e tempo libre, unha publicación que reúna os establecementos hoteleiros que poidan ser desfrutados sen dificultade polos que teñen necesidades especiais.

Para a **Fundación Vodafone** é sempre unha satisfacción poder tomar parte en proxectos de este cariz, que sen dúbida suman unha aportación importante ao obxectivo que todos os que traballamos día a día por eses grupos perseguimos: a total inclusión.

Espero que esta nova guía sexa de grande utilidade e que en breve poidamos reeditala con un maior número de establecementos, o que significaría a universalización da accesibilidade.

José Luis Ripoll
Director Xeral Fundación Vodafone España

COMO SE FIXO A GUÍA

Dende un primeiro momento buscouse incluír na guía 100 aloxamentos turísticos con un elevado nivel de accesibilidade, pero tamén quixemos que quedara reflectida a diversidade xeográfica e tipolóxica da oferta turística española, que incluíra aloxamentos en todas as provincias, das zonas de costa, de cidades históricas, de áreas rurais e de montaña, hoteis de diferentes categorías, paradores, casa rurais, campamentos, apartamentos,etc. Entre os nosos obxectivos estaba aportar opcións para diferentes destinos e con diferentes plantexamentos.

A información da guía está ordenada por Comunidades Autónomas e en cada Comunidade Autónoma polas provincias que a compoñen, en ambos casos seguindo unha orde alfabética. En cada provincia aparecen os diferentes tipos de aloxamento: hoteis e hostais, hoteis rurais, casas rurais, campamentos, albergues e apartamentos.

O punto de partida para seleccionar os aloxamentos foi a nosa base de datos, que á súa vez, procede tanto do coñecemento directo da oferta turística a partir dos diferentes proxectos e programas que levamos a cabo como da información que nos envían os turistas con discapacidade. Consultamos igualmente algunhas webs especializadas.

Visitáronse case 600 establecementos. En todos eles levouse a cabo unha auditoría de accesibilidade aplicando unha lista de recoñecemento que aparece no anexo. Esta lista de recoñecemento é o resultado dun traballo conxunto dos técnicos de PREDIF, CEAPAT (Centro Estatal de Autonomía e Axudas Técnicas), Vía Libre (empresa de Fundación ONCE) e FESORCAM (Federación de Persoas Xordas da Comunidade de Madrid), coordinado por PREDIF despois da súa posta en práctica.

As diferentes fichas que compoñen a lista recollen información de accesibilidade dende o punto de vista físico, visual e auditivo. Hai unha ficha por cada un dos espazos dos aloxamentos (recepción, cuartos, restaurantes, etc.), así como para elementos concretos como a sinalética e os ascensores.

Cada unha das fichas estrutúrase en tres columnas. Na primeira enuméranse os principais elementos do espazo ao que se refire; na segunda aparece o valor óptimo de accesibilidade asignado a cada un dos elementos. Hai unha terceira columna en branco para anotar os valores reais do establecemento.

Unha vez seleccionados os establecementos con mellores niveis de accesibilidade, a información recollida na ficha pasou a redactarse no texto, tal e como aparece na guía.

A experiencia das persoas con discapacidade dinos que os símbolos que intentan representar o nivel de accesibilidade non soen ser unha información suficiente para o usuario. En primeiro lugar porque son case inexistentes os establecementos nos que se aplicou a accesibilidade de xeito estandarizado, seguindo os requisitos legais, polo que dificilmente as súas características poden interpretarse nun símbolo; e en segundo lugar porque cada usuario ten unhas necesidades concretas en función da súa discapacidade e das súas condicións persoais.

A mellor fórmula para aportar unha boa información de accesibilidade dun establecemento é sen dúbida describir detalladamente cada unha das súas características, que é como se fixo nesta guía. Isto permitirá que cada turista tome as súas propias decisións á hora de elixir o mellor aloxamento.